

> 9

## Retos de futuro

O novo Acceder  
2008-2013



a

índa que os resultados do programa en Galicia son moi positivos, segue habendo cuestiós e retos de futuro.

As actuacíons que a Fundación Secretariado Xitano vai levar a cabo no período 2007-2013 contan co apoio que o Fondo Social Europeo ven emprestando desde o ano 2000 ao Programa Acceder, pola súa eficacia e eficiencia para a inclusión social da poboación xitana. Estas actuacíons teñen ao emprego como protagonista principal para reducir a exclusión social da poboación xitana, a través de accións adaptadas e permanentes no tempo, que apostan por acceder ao mercado de traballo como chave da integración e a igualdade de oportunidades. Para seguir desenvolvéndoas é necesario renovar e reforzar o apoio e a colaboración que as Administracións Autonómicas e Locais veñen emprestando ao Programa Acceder, así como continuar incorporando ao sector privado neste proxecto para a integración sociolaboral e a cohesión social, ademais de apostar por unha maior presenza territorial do Programa na Comunidade Autónoma.

Os eixes principais que desenvolverá o Acceder 2008-2013 son:

1. Mellora da calidade no emprego.
2. Actuacíons no ámbito educativo, para previr o abandono escolar e que reforcen a formación inicial.
3. Favorecer a integración social e laboral das persoas inmigrantes xitanas.

A poboación xitana vai progresando “a remolque” da sociedade maioritaria e atopase aínda con barreiras e problemas estructurais que a mayoría non é capaz de superar polo momento

“ Un desexo? Que se acabe o racismo cara os xitanos ”

**Luís Dos Reis Machado (Ramiro).** Traballa en recollida de aceite.

Ramiro naceu en Portugal aínda que toda a vida viviu en Galicia Non foi ao colexio, a pesar de que a súa familia o apoiaba para estudar. Casou e ten 6 fillos; como a familia aumentou, púxose a buscar traballo en serio. Como moitos dos xitanos comezou coa chatarra, pero como non lle daba suficiente, traballou na construción, un traballo duro que non lle pagan adecuadamente. “co paso do tempo decateime de que o trato que recibín se debía ao mero feito de ser cigano”. “Despois traballei na recollida de aceite na Plataforma polo Emprego e estou moi contento co meu traballo”. Un desexo?“Que se acabe o racismo”.



## 1. Mellora da calidade no emprego

A pesar do grande impulso no acceso a un posto de traballo que o programa supuxo, a calidade de moitos dos contratos segue sendo baixa. As características estruturais dos contratos de baixa cualificación inflúen neste sentido; sen embargo, entendemos que desde un programa de acción positiva dotado de ferramentas para xestionar formación á carta e intermediación laboral cara a cara co sector empresarial, estas dificultades pódense, en parte, contrarrestar.

Por tanto, un dos obxectivos futuros será a mellora da calidade no emprego, entendida como unha maior estabilidade das persoas xitanas nos seus postos de traballo (favorecendo a diminución dos contratos de curta duración e a súa concatenación sucesiva no tempo), unha maior mobilidade ascendente ou promoción no mercado de traballo (a través do fomento da formación e a cualificación permanente) etc.... Tamén será necesario seguir activando novas fórmulas formativas, apostando pola obtención de certificados de profesionalidade e outras formas de cualificación, como ponte entre a cualificación que asegura unha maior calidade no emprego e a educación básica, co fin de aumentar os niveis educativos e ocupacionais das persoas xitanas.

Segue habendo unha porcentaxe de persoas usuarias xitanas -sobre todo mulleres, e especialmente as mais xoves-, que tiveron moitas dificultades para acceder ao emprego. Para lograr que o número de persoas "empregables" sexa cada vez menor, será necesario seguir apostando **pola promoción da conciliación laboral, persoal e familiar dentro das familias xitanas**, incorporando este principio de forma transversal no traballo de todos os equipos Acceder.

## 2. Actuacions no ámbito educativo, para previr o abandono escolar e que reforcen a formación inicial

Diversos estudos constatan o desaxuste educativo do alumnado xitano en relación ao conxunto da poboación. Maiores niveis de absentismo, baixo rendemento escolar, menores índices de estudios finalizados... debuxan a situación de desigualdade que require de medidas proactivas nas que implicar a centros escolares, alumnado e familias xitanas para poder dar solucións que **melloren a formación, cualificación e as condicións de entrada da poboación xitana ao mercado de traballo**.



### 3. Favorecer a integración social e laboral das persoas inmigrantes xitanas



Nos últimos anos o número de persoas inmigrantes que chegou a España se incrementou. A presenza de xitanos portugueses e de poboación xitana de países do Leste, e concretamente rumana, aumentou. Trátase dunha poboación fundamentalmente xove, sen case estudos académicos -ás veces analfabetos-, que descoñece a cultura de acollida e con recursos económicos escasos. A súa situación de necesidade social e económica, unida ao súa ás veces dobre discriminación polo feito de ser inmigrantes e xitanos (tripla no caso das mulleres, ademais, por ser mulleres), require de planos de acción individuais adaptados ás necesidades e características destas persoas e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral, con accións mais integradoras de: orientación, formación lingüística, alfabetización, formación, cualificación, incluíndo medidas de acompañamento e, no seu caso, de atención social.

**En suma, a perspectiva de iniciar outro período de seis anos para seguir desenvolvendo o programa Acceder permitirános introducir melloras, cambios organizativos e de xestión, así como revitalizar o modelo metodolóxico utilizado até agora, reelaborar e actualizar ferramentas e ampliar o abano de actuacións a desenvolver para, en último caso, ofrecer respostas eficaces ante as situacións emergentes e ante as que non se puideron resolver exitosamente ata agora.**

